



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 12 de decembro de 2024, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo a instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamentos considerados de alto impacto, sanitario, social e económico:

ELRANATAMAB, TECLISTAMAB, TALQUETAMAB e MELFALÁN FLUFENAMIDA

para o tratamento de pacientes adultos con mieloma múltiple (MM) en recaída e refractario, **que recibiron alo menos tres liñas de tratamentos previos**, incluídos un axente inmunomodulador (IMiD), un inhibidor do proteasoma (IP) e un anticorpo anti-CD38 e presentaron progresión da enfermidade ao último tratamento e con ECOG ≤ 2 ⁽¹⁾.

A data deste ditame,

En ausencia de comparacións directas, a evidencia científica dispoñible non achega diferenzas clinicamente relevantes en eficacia entre elranatamab, teclistamab e talquetamab, aínda que existen diferenzas no perfil de seguridade. Por elo, nesta situación clínica, a elección entre eles basearase fundamentalmente en criterios de eficiencia.

Melfalán flufenamida + dexametasona é una opción de tratamento para estes pacientes. A evidencia científica dispoñible na actualidade indica que elranatamab, teclistamab e talquetamab son opcións de tratamento preferentes sobre melfalán flufenamida + dexametasona.

Outras consideracións:

- No caso de elranatamab y teclistamab en monoterapia, os pacientes non deben recibir tratamento previo con terapia CAR-T dirixida fronte a BCMA.
- No caso de Melfalán flufenamida + dexametasona, os pacientes con un transplante autólogo de células nai, o tempo transcorrido ata a progresión deberá ser de polo menos 3 anos desde o transplante.

⁽¹⁾ECOG ≤ 2 , *excepto aqueles pacientes nos que o ECOG >1 estea claramente en relación coa enfermidade de base.*

Esta resolución e comunicada nesta data a Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Alfredo José Silva Tojo

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

Santiago de Compostela, data e sinatura dixital

Xerentes das Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde